

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XERENCIA INTEGRADA DE SANTIAGO SÚMASE Á CELEBRACIÓN DO “DÍA DA ADHERENCIA E INFORMACIÓN DOS MEDICAMENTOS”

- ***O servizo de farmacia da XXIS recórdalles aos pacientes a importancia de seguir as pautas no seu tratamento e o non esquecer as tomas de cada medicamento***
- ***Colocouse unha mesa informativa para concienciar aos usuarios dos beneficios de cumprir os obxectivos en relación á farmacoterapia***
- ***Este ano o lema é: “A túa medicación. A túa saúde . A túa vida.” unha aposta pola implicación como factor de éxito para mellorar a adherencia ao tratamento***

Santiago, 15 de novembro de 2018.- A Xerencia de Xestión Integrada de Santiago súmase á celebración do *Día Mundial da Adherencia e Información dos Medicamentos* que este ano ten o lema “**a túa medicación, a túa saúde, a túa vida**”, unha aposta pola implicación como factor de éxito para mellorar a adherencia ao tratamento.

Desde hai 9 anos a SEFH (Sociedad Española de Farmacia Hospitalaria), celebra cada 15 de novembro o Día da Adherencia para concienciar a pacientes, profesionais e sociedade en xeral da importancia dunha adecuada adherencia terapéutica.

O servizo de farmacia da Xerencia compostelá instalou unha mesa informativa na entrada do Hospital Clínico- á que se achegou a xerente da XXI de Santiago, Eloína Núñez- para sumarse ao acto de concienciación aos usuarios dos beneficios de cumprir os obxectivos en relación á farmacoterapia, recordarlles a importancia de seguir as pautas no seu tratamento e de non esquecer as tomas de cada medicamento.

A falta de adherencia en enfermidades crónicas compromete o resultado terapéutico e supón altos custos ao sistema en efectos adversos evitables e obxectivos terapéuticos non acadados.

Segundo Beatriz Bernárdez, do grupo de coordinación “Adhefar” da Sociedad Española de Farmacia Hospitalaria, e referente para a adherencia o servizo de farmacia da Xerencia compostelá “estímase que un 50% dos pacientes con enfermidades crónicas en España non son adherentes. A distribución por patoloxías en falta de adherencia é variable dende un 70% en depresión, 60% en EPOC, 30% en enfermidades oncolóxicas e un 20% en VIH”.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No servizo de farmacia da Xerencia compostelá teñen adoptado medidas de información e educación ao paciente todo o ano para concienciar da importancia da adherencia: simplificación de pautas, revisión de fármacos e plan terapéutico; tamén se lle ofrece ao usuario unha canle de comunicación continua a través de teléfono e se revisan as dispensacións para medir a adherencia.

Sáudos,